



TAREFA 4.1.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A actividade chámase "Ratoncito Pérez" e está baseado no conto "Ratoncito Pérez" de Ana Serna - Vara da editorial Susaeta. Esta actividade realizouse na "Hora de Ler" dos alumnos e alumnas de 1º de Primaria.

É unha proba individual que consiste en coñecer que recordan os nosos alumnos da lectura deste conto e se saben como foi o desenvolvemento do mesmo.

OBXECTIVOS

- Fomentar a escoita activa na "Hora dos Contos"
- Mellorar a expresión oral.
- Traballar a secuenciación temporal.

CONTIDOS TRABALLADOS

- Vocabulario relacionado co conto.
- Estrutura dun conto.
- As personaxes.
- Secuencias temporais.

DESTINATARIOS

Os alumnos e alumnas de 1º de Primaria do CEIP Ramón Falcón de Castro de Rei.

TEMPORALIZACIÓN

1 sesión de 20 minutos dentro da actividade "Hora de Ler" da aula do alumnado de 1º de Primaria.

MATERIAIS E RECURSOS PRECISOS

- 1 Escornabot.
- 1 Taboleiro.
- 1 dado (opcional).
- Regras de xogo.

AVALIACIÓN

O profesorado realizou unha observación directa do desenvolvemento da actividade, comprobando que os nenos e nenas de 1º alcanzaron os obxectivos propostos e ademais resultou ser moi motivadora e significativa.